

RECOÑECIMENTO COMPETENCIAS PROFESIONAIS CONVOCATORIA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

O Concello de Outes informa que, a Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria publicou unha orde no DOG (Diario Oficial de Galicia) do 28 de decembro de 2017 pola que se realiza a convocatoria pública do **procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral**, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais. Convócanse unidades de competencia das cualificacións profesionais de:

- Atención sociosanitaria a persoas no domicilio SSC089_2
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais SSC320_2
- Servizos para o control de pragas SEA028_2
- Xestión de servizos para o control de organismos nocivos SEA251_3
- Socorrismo en espazos acuáticos naturais AFD340_2
- Socorrismo en instalacións acuáticas AFD096_2
- Extinción de incendios e salvamento SEA129_2
- Tanatopraxia SAN491_3
- Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural SEA898_2

Requisitos:

- Nacionalidade española, residente comunitario ou familiar deste ou ser titular dunha autorización de residencia en España en vigor.
- Ter 20 anos cumpridos no momento de realizar a inscrición.
- Ter experiencia laboral e / ou formación non formal relacionada coas competencias profesionais que se queren acreditar.

Experiencia laboral: **xustificar polo menos 3 anos, cun mínimo de 2000 horas traballadas en total nos últimos 10 anos**, transcorridos antes de realizarse a convocatoria.

Formación non formal: **xustificar polo menos 300 horas nos últimos 10 anos**. Naqueles módulos formativos asociados á unidade de competencia que se pretende acreditar que consideren unha duración inferior, deberanse acreditar as horas establecidas nestes. Non estar matriculado /a nun curso de formación profesional inicial (ordinario ou modular) ou non estar, realizando formación profesional para o emprego, conducente á acreditación das unidades de competencia que solicita. Non posuír ou estar en condicións de obter un título de formación profesional ou un certificado de profesionalidade que conteña a/as unidade/es de competencia que solicita, nin as súas equivalentes ou a acreditación parcial da/s unidade/s de competencia que solicita. Non estar inscrito/a noutro procedemento de recoñecemento da experiencia profesional ou nas probas libres para a obtención do título de formación profesional, conducente á acreditación das mesmas unidades de competencia.

Prazo: **Ata o 26 de xaneiro** para as unidades de competencia de todas as cualificacións profesionais salvo Extinción de incendios e salvamento e Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural xa que accederán directamente ao procedemento as persoas candidatas que figuraban na lista definitiva de persoas en lista de espera na anterior convocatoria.

IMPORTANTE: - Aquelas persoas que quedaron nas listas definitivas de persoas en lista de espera na anterior convocatoria nas cualificacións profesionais de atención sociosanitaria a

persoas no domicilio, atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, servizos para o control de pragas, socorrismo en espazos acuáticos naturais e tanatopraxia, **NON** teñen que presentar nin nova solicitude nin ningunha documentación, só terán que formalizar o pagamento das taxas. Deben consultar na páxina <http://emprego.ceei.xunta.gal/portada-reconecemento-experiencia-profesional> para coñecer o lugar, a data e a hora onde terá lugar a primeira reunión de asesoramento para cada persoa candidata.

LIGAZÓN Á ORDE DO DOG:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20171227/AnuncioG0424-191217-0003_gl.pdf

INFORMACIÓN DA CONVOCATORIA: <http://emprego.ceei.xunta.gal/portada-reconecemento-experiencia-profesional>

Ou **contactar coa orientadora laboral** no teléfono 981 851 094 ou ben nas instalacións municipais sitas na Rúa da Capela nº 13 1º os mércores, xoves e venres.